

Colección: Fondo: Valentín Paz-Andrade no seu arquivo persoal

**Ficha documental da epistola de Virxinia Pereira Renda, a Valentín Paz-Andrade do
29/06/1961**

Colección:

Data: 29/06/1961

De:

Virxinia Pereira Renda;

Para:

Valentín Paz-Andrade;

Orixe:

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

Destino:

Vigo (municipal), Vigo (comarcal), Pontevedra (provincial)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada]

Localización física:Arquivo Valentín Paz-Andrade

Temáticas:

Epistolario entre Paz Andrade e Virxinia Pereira;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcripción da epistola de Virxinia Pereira Renda, a Valentín Paz-Andrade do 29/06/1961

Bos Aires, 29-06-1961
Señor Don
Valentín Paz-Andrade.
Policarpo Sanz, 22
Vigo. GALICIA

Estimado amigo Valentín:

Fai moitísimo tempo que non sei nada de vostedes extranándome aínda máis non ter recibido a súa acostumbrada lembranza na data-endexamáis inesquecida-do triste 7 de xaneiro...Penso que seu silencio deberase as múltiples ocupacións que pesan sobor de vostede, e sendo esta a razón, é o mellor que lles podo desexar.

Pronto, xa, recibiremos eiquí a grata visita do noso común amigo Sebastián Risco, quen, como saberá terá o seu cargo a grande tarefa das xornadas galegas de iste ano 1.961. Fai pouco tempo, tiven carta de íl. Desexando aproveitar tan boa oportunidade (que non sempre se presenta) prégoille por favor amigo Valentín, que con tempo precure arranxar o resto dos cartos que teño na miña conta corrente no Banco, mandándome por Sebastián isa cantidade que preciso moito para equilibrar o presuposto dos gastos, cada vez máis escandalosamente altos. N-estes días, retomou outra volta, encarecendo todo "perixel" que sempre se regaloou por feixes e agora se vende por peso...Sinto en verdade ocasionarlle a vostede unha molestia máis, pero...teña paciencia amigo Valentín. Como dentantes de informar a Risco sobor do particular, preciso saber de vostede si o choio estará resolto na data en que íl dispoña seu viaxe, prégoille encarecidamente que me escriba unhas breves liñas, que confirmen meus desexos. Gracias.

Como por eiquí non hai nada novo ni diño de sere comentado, despídese hasta outra volta, con unha cordial e garimosa aperta para os tres, esta lonxana amiga que os lembra moito.

Virxinia

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.